


NOME _____

GRUPO _____

ANTA DE ARGALO (DOLMEN DA COVA DA MOURA)



No período final do Neolítico e durante a Idade dos Metais construíronse monumentos con grandes pedras ou ***megalitos***. Foi a primeira manifestación arquitectónica da historia. Os ***DOLMENS*** estaban formados por grandes pedras verticais, fincadas no chan e cubertas con lousas horizontais. Eran sepulturas colectivas. Atopamos monumentos megalíticos por todo o territorio galego, construídos desde o IV milenio ata comezos do II.

1. Qué é o megalitismo? Que formas presentan estes monumentos?
2. Coñécense asentamentos humanos do Paleolítico en Galicia? Cales son e que se atopou neles?
3. Cando comeza a Idade dos Metais en Galicia? Que achados destacan?
4. Que son os ***petróglifos***? Que conxuntos destacan en Galicia?
5. Que ves na imaxe?. Onde se atopa? Para que se utilizou? En que etapa da prehistoria?
6. Busca información na páxina web das características deste monumento. Fíxate na planta, que forma ten?

<https://riadenoi.es/2020/04/23/dolmen-argalo-cova-da-moura/>

7. Segundo os apuntes do tema, poderías dicir como se construíu o dolmen de Argalo?
8. Que outros monumentos megalíticos conservamos en Galicia? Que se atopou neles?
9. Cres que deberíamos conservar estes monumentos? Propón medidas para facelo e comenta que farías para que fose máis coñecido?